



COMUNICADO DA PLATAFORMA EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO

O Goberno central e os autonómicos, utilizando como escusa a crise económica, seguen recortando os recursos económicos e humanos do noso sistema educativo, malia que esta política de axustes non está logrando os obxectivos de aforro que di perseguir como amosan os datos de déficit e débeda pública.

Xunto aos recortes, estanse levando a cabo unha serie de reformas, como a *LOMCE*, o *Real Decreto de Bolsas e Axudas ao Estudo*, o *Decreto de Comedores* que desvincula do transporte escolar o dereito ao comedor, o desmesurado incremento das matriculas universitarias que, na nosa opinión, supoñen a volta a un sistema baseado na selección do alumnado para que o progreso nos estudos estea condicionado, con carácter xeral, ao nivel social e ás posibilidades económicas das súas familias, expulsando do sistema a toda aquela persoa que non encaixa nun perfil prefixado ideoloxicamente.

Ademais, os nosos actuais gobernantes empéñanse en ignorar a opinión dos cidadáns e estes, á súa vez, seguen amosando un rexeitamento frontal a esta política de recortes e contrarreformas como veñen a demostrar os resultados da "*consulta cidadá pola educación*" que se está a desenvolver nestes días. E isto é así porque sufrimos os graves prexuízos que se están producindo á educación pública, que serán moito peores a medio e longo prazo.

A *Plataforma en Defensa do Ensino Público* integrada por nais e pais do alumnado, organizacións de estudantes, sindicatos do ensino e movementos de renovación pedagóxica puxo en marcha, o pasado mes de setembro, un calendario de mobilizacións unitario para esixir aos gobernos estatal e autonómico que escoiten á comunidade educativa e cesen na súa política de acoso e derribo á educación.

Nin os recortes, nin as reformas que se están implementando van resolver os problemas que temos. Todo o contrario, de continuaren por este camiño os problemas que temos agravaranse e, ademais aparecerán novos problemas que nos conducen a unha sociedade con menos cohesión social e máis desvertebrada. Unha sociedade que permite a destrución do seu potencial humano, renunciando á mellor educación de todos os seus integrantes, é unha sociedade sen futuro. Unha sociedade que faga da educación unha mercadoría, que aposte pola privatización de todo o público, pola pelexa entre os cidadáns para aplicar o "*sálvese quen poida*", é unha sociedade doente que está abocada a un suicidio social colectivo do que tardará, no mellor dos casos, varias décadas en recuperarse. Mentres, varias xeracións de cidadáns estarán condenadas ao fracaso e a convivir sen un presente e un futuro dignos.





É un auténtico ataque ao noso modelo social e de progreso que unha sociedade democrática non pode consentir sen renunciar á súa liberdade e os seus dereitos. Non podemos resignarnos, unha educación de calidade é imprescindible para mellorar a sociedade na que vivimos e para contribuír na conquista real e a extensión dos dereitos fundamentais sobre as que se asintan todas as sociedades democráticas

É por iso que forma parte do noso deber denunciar e mobilizar á comunidade educativa contra a intención de destruír un modelo educativo de calidade e equidade que teñen os gobernos autonómico e estatal e polo que facemos un chamamento á sociedade para que participe nas mobilizacións que se convocan con motivo da Folga Xeral educativa de todas as ensinanzas e etapas, á que están chamados todos os sectores, alumnado, familias, docentes e persoal dos centros educativos e universitarios, que confluirán en diversas concentracións e manifestacións por toda a xeografía galega co seguinte calendario:

- **A CORUÑA** Hora : 19:30. Praza da Palloza.
- **FERROL** Hora: 11:30. Praza de España.
- **SANTIAGO** Hora. 12:00. Paseo da Alameda
- **PONTEVEDRA** Hora: 19 30. Praza da Ferrería
- **VIGO** Hora:19:30.Vía Norte cruze con Urzaiz.
- **VILAGARCÍA DE AROUSA** Hora: 19:30. Avda. da Marina (Casa do Mar).
- **OURENSE** Hora:19:30. Subdelegación do Goberno.
- **BARCO DE VALDEORRAS** Hora: 11:30. Praza do Concello.
- **LUGO** Hora:19:30. Ronda da Muralla (Edificio Administrativo).

Diante desta situación, o sector educativo seguirá mobilizándose e esixindo aos gobernos que se atendan as demandas da Comunidade Educativa para resolver os problemas que temos e abordar as reformas necesarias para mellorar a calidade do noso sistema educativo.

Por iso, a *Plataforma en Defensa do Ensino Público* esixe que cesen todos os recortes educativos, do mesmo xeito que esiximos o cese do resto de recortes sociais. De igual modo, esixe que se incremente o número de bolsas e a súa cuantía; que se recuperen os programas educativos que demostraron o seu éxito nos últimos anos, en definitiva que se recupere o nivel de investimento educativo.

Esiximos que se retire a LOMCE e que se inicie un proceso de diálogo e procura de solucións conxuntas coas organizacións representativas da Comunidade Educativa que dote de estabilidade ao sistema, desde a Educación Infantil ata a Universidade.

